

## A EOXI DE VIGO CELEBROU UNHA HOMENAXE AO PERSOAL XUBILADO ESTE ANO

- Un total de 168 traballadores de atención primaria e especializada da sanidade pública viguesa xubiláronse no 2018
- Os compañeiros xubilados foron obsequiados cunha serigrafía enmarcada da obra “Maternidade” de Antón Sobral

**Vigo, 18 de decembro do 2018-** A EOXI de Vigo celebrou onte unha Homenaxe para todo o persoal dos centros de primaria e especializada que este ano xubilouse.

En total xubiláronse 168 traballadores de diferentes categorías profesionais, 34 facultativos, 100 sanitarios non facultativos e 34 non sanitarios.

Nesta homenaxe, presidida polo xerente da EOXI de Vigo, Félix Rubial, entregóuselles unha serigrafía da obra “Maternidade”, doada polo artista Antón Sobral; así como o documento identificativo a Tarxeta Dourada, en mostra de agradecemento por todo o seu tempo de dedicación ao servizo público de saúde.






### Obra de Antón Sobral

Este ano tamén continuouse co proxecto de colaboración con artistas galegos. Os artistas realizan unha doazón dunha obra á Sanidade pública viguesa e autorizan a realización dunha tirada limitada de serigrafías, réplicas do orixinal, numeradas e asinadas polo autor, que constitúen o obsequio conmemorativo ao persoal xubilado.

O artista galego Sobral, foi quen doou a obra “Maternidade”, realizada con técnica mixta.



### Tarxeta dourada

A tarxeta dourada, iniciativa posta en marcha hai uns anos, é un documento identificativo que, acredita a condición laboral como traballador xubilado da Xerencia de Xestión Integrada de Vigo, e simboliza o respecto e recoñecemento debidos por parte da Institución.

Ademais, permite ao persoal en activo dos centros sanitarios públicos identificalo como xubilado do Servizo Galego de Saúde e polo tanto como un compañeiro máis.

Esta tarxeta é ofertada a todo o persoal que anualmente se xubila.

Como peche desta Despedida, a Coral “Rosalía Castro” do Colexio de Médicos de Pontevedra ofreceu un recital no que interpretaron diversas cancións populares.